

## DECRETO NÚMERO 18011098 DO 28/12/2018

**Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto número 17011453, do 27 de decembro de 2017, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a Medio/a Área Económica pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal (en execución de sentenza), que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo 15/712 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 22.11.2017 como polas “bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013 e 15.10.2014 e publicadas integramente no BOP de Lugo número 256, do 7.11.2014.

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 034, de 10 de febreiro de 2018.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 73, de 16 de abril de 2018 e anuncio no “Boletín Oficial del Estado” nº 143, de 13 de xuño de 2018.

Polo Decreto número 18007240 do 03/09/2018 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os (con indicación do motivo de exclusión) do devandito proceso selectivo, o cal foi publicado no BOP de Lugo nº 214 do 17 de setembro de 2018.

Visto que con data do 1 de outubro de 2018 rematou o prazo de presentación de enmendas no mencionado proceso selectivo, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 17011453, do 27 de decembro de 2017, para o acceso en propiedade a **unha praza de Técnico/a Medio/a Área Económica**, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal (en execución de sentenza), que a continuación se indica:

### ADMITIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI
CARRO SÁNCHEZ, EVA MARÍA	*934G
CRUZ FERNÁNDEZ, BELÉN	*768N
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, IRIA	*597W

**PERSOAL**

MLP/egp

Refª: 1545917384696.doc

Asunto: publicación listaxe def. admitidos/excluídos

LAMAS VARELA, EVA	*800H
LÓPEZ PEREIRA, MARÍA ENGRACIA	*798S
TORRÓN FOLGUEIRA, BLAS	*278F
VÁZQUEZ REY, GEMA MARÍA	*724X

**EXCLUÍDAS**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>MOTIVO</b>
GONZÁLEZ NOVOA, MARÍA RITA	*101E	Non se corresponde a titulación aportada coa esixida.
RICO MÉNDEZ, MARÍA BASILISA	*560K	Non se corresponde a titulación aportada coa esixida.

**Segundo.-** Facer público que, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 7 de novembro de 2018, adoptou, entre outros o acordo 10/631 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR ESTE CONCELLO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO ÁREA ECONÓMICA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (OEP 2015), o cal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: Marta López Peña, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo.  
Suplente: Francisco Rivera Iglesias, funcionario de carreira, A1, Concello de Lugo

Vogais:

1.- María Aránzazu Sastre Carracedo, funcionaria de carreira, A1, Habilitación Nacional, Tesoureira Concello de Lugo  
Suplente: María Luisa Vila Fernández, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo  
2.- Ana Isabel Sáez Mancebo, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo  
Suplente: Ana Tabarés Martínez, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo  
3.- Juan Ignacio Márquez Gacio, funcionario de carreira, A1, Concello de Lugo  
Suplente: Fernando Prado Rodríguez, funcionario de carreira, A1, Concello de Lugo

Secretario: Justo Díaz Rodríguez, funcionario de carreira, A1, Concello de Lugo  
Suplente: María García Ferro, funcionaria A1 Habilitación Nacional, Vicesecretaria do Concello de Lugo

**Terceiro.-** Fixar a data, hora e lugar de celebración das reunións do tribunal cualificador do seguinte xeito:

- Constitución do Tribunal e baremación da fase de concurso: O luns 4 de febreiro de 2019, ás 11 horas no local do Tribunal Económico Administrativo, sito na planta baixa da Casa consistorial do Concello de Lugo.

- Realización do primeiro exercicio: O xoves 7 de febreiro de 2019, as 10 horas no Centro de Convivencia Uxio Novoneyra, sito na Rúa Quiroga Ballesteros s/n.

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

**Cuarto.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.